

SECCIÓN DE SERVICIOS  
INFORME TÉCNICO DE NECESIDADE

Asunto: Informe Técnico Necesidade Modificado Obra "MEJORA DE LA PAVIMENTACIÓN EN LA CALLE MIGUEL GONZALEZ GARCÉS Y EN EL CAMINO DE AS GAMELAS".

**POS + ADICIONAL 2/2020**

Expediente **2020/C003/000006**

Ante a solicitude dun novo informe, emítase o seguinte:

Antecedentes:

1. Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + 2020" publicadas no BOP número 208 do 31 de outubro de 2019.
2. Circular da Deputación de outubro de 2019 sobre aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + 2020.
3. Circular da Deputación de xuño 2020 relativa á aprobación inicial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020.
4. Circular da Deputación de xullo 2020 relativa á aprobación definitiva do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020.
5. Circular Complementaria da Deputación de agosto 2020 relativa á aprobación definitiva do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2 para gastos corrientes e investimentos financieramente sostenibles.
6. Circular da Deputación de agosto 2020 sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2 para gastos corrientes e investimentos financieramente sostenibles.
7. Notificación da Resolución nº 31726 do 16/10/2020 pola que se concede de oficio unha prórroga do prazo de adjudicación de todos os investimentos pendentes de adjudicar incluídos no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS + 2020 (plan único de concellos).
8. Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais. (Aprobado por Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 27 de novembro de 2020).

Informe:

Este concello elaborou o Plan de Obras e Servizos 2020 (POS + 2020) seguindo os criterios que se establecen en función dos orzamentos mínimos que se requiren para a inclusión de obras e servizos de competencia municipal obrigatorios de conformidade coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de acordo cos datos que figuran na Enquisa de infraestrutura e equipamento local, xestionada pola Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas para os efectos da cooperación económica local.

Dentro dos criterios considerados no parágrafo inicial, o Concello de Cambre presentou para a súa execución dentro do plan do ano 2020, como Plan ADICIONAL 2, varias obras, entre elas, a denominada "MEJORA DE LA PAVIMENTACIÓN EN LA CALLE MIGUEL GONZALEZ GARCÉS Y EN EL CAMINO DE AS GAMELAS", que conta cun Presuposto de Execución por Contrata IVE engadido de 66.529,10 €, dos cales a Deputación financia o 100% do importe, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Municipal, Oscar Souto Muíño. O prazo estimado é de catro (4) meses. Este proxecto pretende actuar en dúas zonas dado que debido ao tráfico abundante na zona, hai un deterioro na calzada, debido ao natural uso do ben, polo que é necesaria a súa conservación e mantemento.

As actuacións principais que se levarán a cabo son:

- Barrido do firme por medios mecánicos.
- Extensión dunha capa de 5 cm de espesor de mezcla bituminosa en quente tipo D-12.

Segundo a Circular de Agosto de 2020, os **prazos para a contratación** e execución dos investimentos incluídos neste POS+Adicional 2/2020 rematan o **30 de novembro de 2021** e o 30 de novembro de 2022, respectivamente, aínda que estes prazos poderán prorrogarse mediante Resolución da Presidencia desta deputación tras a solicitude motivada do concello.

#### Nomenclaturas CPA e CPV

A Nomenclatura CPA-2008, segundo o Regulamento (CE) Número 451/2008 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de abril de 2008 polo que se establece unha nova clasificación estatística de produtos por actividades (CPA) e derrógase o Regulamento (CEE) número 3696/93 do Consello, é a seguinte:

"42 Obras de ingeniería civil y trabajos de construcción para obras de ingeniería civil

42.11.20 Trabajos de construcción de autopistas, carreteras, calles y otras calzadas para vehículos o peatones, y de pistas de aeropuertos. (CPC ver 54210 (\*))"

Segundo o Regulamento (CE) Número 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) Número 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV, a obra obxecto de licitación ten como Vocabulario común de contratos, o seguinte:

"45.23 Construcción de autopistas, carreteras, campos de aterrizaje, vías férreas y centros deportivos.

45233220-7 Trabajos de pavimentación de carreteras"

#### Medios personais e materiais:

Para a correcta execución das obras considerase necesario adscribir a ésta como mínimo os seguintes medios:

**Medios personais** (Non se require titulación, dedicación parcial):

- Capataz
- Oficial de 1º
- Peón

**Maquinaria** (1 Ud de cada)

- Retroexcavadora
- Camión basculante
- Compactador neumático
- Barredora
- Cisterna de agua

**Equipos**

- 1 Equipo de aglomerado completo

**Medios Auxiliares**

- Martillo rompedor hidráulico
- Compresor
- Cortadora de pavimento
- Hormigonera

Clasificación do contratista:

Segundo o Artigo 77 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esixencia e efectos da clasificación, para poder contratar coas Administracións Públicas contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros, é necesario estar clasificado como contratista de obras.

Para o cálculo do valor estimado, no caso dos contratos de obras, subministracións e servizos, o órgano de contratación tomará o importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, pagadero segundo as súas estimacións, ademais da súa posible modificación ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares advertinse expresamente desta posibilidade. Polo que no caso máis desfavorable.

- PEC: 66.529,10
- PEC sen IVE: 54.982,73
- Posible Modificación (10%): 5.498,27
- Valor estimado total: 60.481,00

Polo que o Valor estimado total ascende a 60.481,00 € (<< 500.000 €). Aínda que este non é o caso para os efectos de que o empresario poida acreditar a súa solvencia mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato, clasificáremolo no seguinte, segundo o Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (BOE núm. 213, do 5 de setembro de 2015):

- GRUPO G, Viales y pistas
- SUBGRUPO 6, Obras viales sin cualificación específica.
- CATEGORIA 1, cuando la cuantía del contrato sea inferior a 150.000 euros.

Lotes:

Segundo a Circular da Deputación de agosto 2020 sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 2 para gastos correntes e investimentos financieramente sostenibles, se nos lembra que "**cada investimento debe ser adjudicado a un único licitador, sen posibilidade de división en lotes, de acordo co establecido no parágrafo 5 da Base 2.3 e de acordo co contido dos Anexos V e IX xa presentados por ese concello para cada investimento.**"

O artigo 116.4.g) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, establece que:

*"4. No expediente de contratación xustificárase adecuadamente: (...) g) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, de ser o caso."*

O artigo 99.3 do dito texto normativo establece que:

*"3. Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberase prever a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, e poderanse reservar lotes de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta.*

*Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que se deberán xustificar debidamente no expediente, (...)"*

De acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polos seguintes motivos:

- Todos os principios xerais das novas directivas en materia de contratos públicos, non quedan minguados coa non división en lotes deste contrato, como son mellorar a transparencia, favorecer a igualdade de oportunidades e a non discriminación, promover a libre concorrència, garantir o acceso real da PEME á licitación, a defensa da competencia. Non se restrinxe a competencia.
- Hai que resaltar que non se trata dun gran contrato pola contía.
- A agrupación nun só lote supón unha maior eficacia na realización dos traballos.
- A división en lotes dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, xa que unha eventual división en lotes pondría en risco a adecuada execución da obra nas diversas partes que a integran, e resultaría antieconómica, sendo, pola outra banda, unha obra de escasa cuantía.
- A agrupación nun só lote supón unha mellor optimización do control da execución global do contrato.
- A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que sirvan de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
- Aínda que o proxecto inclúe distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adjudicados por lotes, existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas á

seguridade e saúde e a xestión de residuos, cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.

- O traballo para realizar é único, é dicir non se mesturan prestacións de distinta natureza, trátase de unha unidade funcional.

Tipo contrato:

Para os efectos de contratación, considérase valor estimado segundo, a base imponible, mais a posible liquidación (10 %), polo tanto con estes importes PEC 66.529,10 €, o que supón 54.982,73 € sen IVE, máis 5.498,27 € (posible liquidación 10 %), o valor estimado é de 60.481,00 €, polo tanto ao tratarse dunha obra o procedemento pode ser aberto (puidendo aplicarse o artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, procedimento aberto simplificado), debendo prestarse especial atención á garantía dos principios legalmente establecidos de concorrência, e igualdade de trato para as distintas empresas.

Deberase aplicar o Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais. (Aprobado por Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 27 de novembro de 2020), puidendo establecerse o seguinte, sen menoscabo do que considere o departamento de contratación no seu PCAP:

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN		PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA		125
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	0
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	0
		Contratación desempregados	0
	IGUALDADE		0

Autorizacións doutras Administracións

Segundo o informe emitido polo Arquitecto Municipal con data 25 de novembro de 2019, no que se conclúe que as actuacións pretendidas son viables urbanísticamente, no son necesarias autorizacións sectoriais.

O que se informa para os efectos de servir de referencia ao órgano de contratación, para que se proceda a iniciar os trámites da contratación coa maior brevidade posible.

Cambre, febreiro de 2021  
O Enxeñeiro de Camiños Municipal  
Xefe da sección de servizos

Asdo: Óscar Souto Muíño